



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Xefatura Territorial da Coruña  
Servizo de Recursos Educativos Complementarios

Edificio Administrativo de Monelos  
Praza de Luís Seoane, s/n  
15071 - A Coruña  
Tel.: 981 184 740  
Fax: 981 182 230

galicia

Data: 13 de xuño de 2013

Referencia: TRANSPORTE ESCOLAR ms

Asunto:

Destinatario:

Planificación de transporte escolar  
CURSO 2013/2014

Sr./a. director/a do:

**TÓDOLOS CENTROS CON TRANSPORTE ESCOLAR**

(A CORUÑA)

Xúntolle a circular de planificación do transporte escolar para o curso 2013/2014, así como o impreso de solicitude de modificación de itinerarios (anexo I) e o cadro de datos a cumprimentar para as autorizacións excepcionais de uso.

Lémbrolle a necesidade do cumprimento dos prazos que se establecen nas indicacións adxuntas. Tanto as modificacións de itinerarios como as solicitudes de autorización excepcional para o uso do transporte que entren fóra do prazo establecido non serán tidas en conta, agás que veñan acompañadas por unha certificación da Dirección do centro xustificando as causas sobrevidas que dan orixe ao trámite fóra do prazo.

O xefe territorial

Indalecio Cabana Leira





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial da Coruña  
Servizo de Recursos Educativos Complementarios

Edificio Administrativo de Monelos  
Praza de Luís Seoane, s/n  
15071 - A Coruña  
Tel.: 981 184 740  
Fax: 981 182 230

galicia

## SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS PLANIFICACIÓN CURSO 2013/2014

Ao remate do período lectivo de cada curso é preciso realizar un proceso de planificación sobre as necesidades do servizo de transporte escolar para o curso seguinte.

Esta planificación comprenderá:

### → Determinación dos alumnos con dereito a servizo gratuíto de transporte

#### 1.- Normas de aplicación

##### a) - Sobre o dereito ao uso dos servizos complementarios.

*Art 6 e Disposición adicional segunda da Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

**CON CARÁCTER XERAL, NON TERÁN DEREITO A SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS OS ALUMNOS ESCOLARIZADOS NUN CENTRO DISTINTO AO QUE LLES CORRESPONDE POR AREA DE INFLUENCIA DO CENTRO.**

##### b) - Sobre o dereito ao servizo de transporte escolar.

*Art. 1º do Decreto 203/1986 do 12 de xuño, polo que se regulan determinados aspectos do transporte escolar.*

**TERÁN DEREITO AO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR OS ALUMNOS DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTÍL, PRIMARIA E ESO QUE TEÑAN OS SEUS DOMICILIOS FÓRA DO NÚCLEO URBANO NO QUE ESTEA SITUADO O CENTRO E, EN CALQUERA CASO, A UNHA DISTANCIA DO MESMO SUPERIOR AOS 2 km**

#### 2.- Autorizacións excepcionais para o uso do transporte

**a) Condicións.** Os alumnos que, en base á normativa sinalada nos dous puntos anteriores, non teñan dereito ao uso do transporte escolar, poderán solicitalo con carácter excepcional.

Só poderán ser autorizados:

- se hai prazas valeiras no correspondente autobús
- para uso das paradas xa existentes, sen modificación do itinerario

**b) Tramitación.** As solicitudes dos interesados, deberán ser tramitadas a través da Dirección dos centros educativos onde estea escolarizado o alumno solicitante.



Se estas solicitudes cumpren os dous requisitos sinalados no apartado a), os centros remitirán á Xefatura Territorial, para a súa autorización, a correspondente relación nominal dos alumnos solicitantes, mediante o cadro modelo que se acompaña (folla de cálculo excel editable), totalmente cumprimentado en todos os seus datos e dentro do prazo establecido, ao seguinte correo-e:

**transporte.coruna@edu.xunta.es.**

- c) Prazos.** As solicitudes de autorización de uso de carácter excepcional de:  
alumnos de infantil, primaria e ESO: ata o 1 de setembro de 2013  
alumnos de bacharelato: ata o 20 de setembro de 2013

## → Estudo da necesidade de novas paradas e/ou modificacións

### 1.- Normas de aplicación

*Circular 7/96 da Secretaría Xeral de Educación, pola que se regula a modificación de itinerarios de transporte escolar.*

**CON CARÁCTER XERAL, NON SE AUTORIZAN DESVIACIÓNS DE ITINERARIOS DE TRANSPORTE DE MENOS DE DOUS KM DE DISTANCIA**

### 2.- Solicitudes

Dentro do prazo establecido, os/as Directores/as dos centros tramitarán á Xefatura Territorial, no anexo que se acompaña, totalmente cumprimentado e coa súa valoración, as solicitudes de novas paradas.

### 3.- Prazos

Ata o 15 de xullo, para alumnos de infantil e primaria  
Ata o 25 de xullo para alumnos de ESO

## → Estudo do nivel de ocupación dos vehículos escolares

### 1.- Normas de aplicación sobre o número de viaxeiros de cada vehículo.

*O art. 4º apartado 12 do Real Decreto 443/2001 do 27 de abril, BOE 2/5/01, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores, establece que*  
*“Cada menor disporá da súa propia praza ou asento...”*

### 2.- En consecuencia:

- Débense introducir e actualizar na **aplicación informática do transporte escolar**, os alumnos usuarios do transporte.  
Esta actualización deberá estar rematada antes do inicio do curso.
- As relacións nominais do alumnado por rutas e paradas xeradas por dita aplicación (*informe TR004-alumnado por contrato e parada*) serán entregadas aos correspondentes acompañantes do transporte escolar, caso de existir, ou á persoa responsable da empresa transportista, coa finalidade de que poidan



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN

E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Recursos Educativos Complementarios

Edificio Administrativo de Monelos

Praza de Luís Seoane, s/n

15071 - A Coruña

Tel.: 981 184 740

Fax: 981 182 230

galicia

controlar, dende o primeiro día do curso, os alumnos que correspondan a cada vehículo.

Agás cambios de domicilio debidamente acreditados, a asignación da parada para cada alumno será fixa para todo o curso.

- Darase traslado ao Servizo de Recursos Educativos Complementarios, no prazo establecido no apartado anterior, das propostas de necesidades do próximo curso: **creación, modificación** ou **supresión** de itinerarios e/ou paradas.

A Coruña, 13 de xuño de 2013